

RESOLUCIÓN DO 10 DE NOVEMBRO DE 2023 DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO POLA QUE SE CONVOCA UN CURSO DE PRIMEIROS AUXILIOS PARA MERGULLADORES/AS PROFESIONAIS-NIVEL I NO INSTITUTO GALEGO DE FORMACIÓN EN ACUICULTURA (IGAFA) NA ILLA DE AROUSA

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- Decreto 428/1993, do 17 de decembro, polo que se regula e refunde a normativa en materia de formación náutico-pesqueira
- Decreto 152/1998 do 15 de maio, polo que se establecen as condicións para o exercicio do mergullo profesional na Comunidade Autónoma de Galicia
- Orde do 23 de abril de 1999, pola que se regula o exercicio de mergullo profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, no Anexo VII aparecen os programas de formación dos cursos de primeiros auxilios e dos seus reciclaxes para mergulladores profesionais
- Decreto 210/2022, de 1 de decembro, polo que se modifica o Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar, establece no apartado 1.c) do artigo 12 que a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro correspóndenlle a función de ordenación, dirección e coordinación das atribucións que ten asumidas a consellería en materia de ensino e titulacións náutico-pesqueiras e de lecer

Visto o exposto, esta dirección xeral ao abeiro das súas competencias, RESOLVE:

Convocar un curso de primeiros auxilios para mergulladores/as profesionais nivel I no Instituto Galego de Formación en Acuicultura (IGAFA) na Illa de Arousa, coas seguintes condicións:

Primeira.- O Instituto publicará o curso no taboleiro de anuncios ou por calquera outro medio que permita a súa difusión.

Segunda.- O IGAFA encargarse da información e recollida da documentación necesaria para inscribirse no curso das persoas interesadas, independentemente da zona de procedencia.

Terceira.- Para matricularse deberán presentar a solicitude cuberta segundo o modelo do anexo I acompañada da seguinte documentación:

- Fotocopia do NIF ou NIE
- Fotocopia do certificado de exame ou tarxeta de mergullo profesional

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal



Cuarta.- O curso realizarase do 27 de novembro ao 01 de decembro de 2023 en horario de tarde.

Quinta.- A asistencia ás clases é obrigatoria. Nas actividades formativas levarase un control de asistencia.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada perante a consellería do Mar, no prazo dun mes, desde a notificación da presente resolución, segundo se dispón nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela
A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal





ANEXO I

MATRÍCULA CURSO 1º AUXILIOS PARA MERGULLADORES/AS PROFESIONAIS NIVEL I

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

APELIDOS

NOME

NIF ou NIE

ENDEREZO

CONCELLO

CÓDIGO POSTAL E PROVINCIA

CORREO ELECTRÓNICO

TELÉFONO

EXPÓN:

Que reúne todos os requisitos para realizar o curso de **1º auxilios para mergulladores/as profesionais nivel I** que se realizará no IGAFa, o que acredita achegando a seguinte documentación:

- FOTOCOPIA DO NIF ou NIE
- FOTOCOPIA DO CERTIFICADO DE EXAME OU DA TARXETA DE MERGULLO PROFESIONAL

SOLICITA:

A matrícula no dito curso co fin de obter o certificado de aptitude correspondente

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposicións previstos na Lei mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do ficheiro

LUGAR E DATA

SINATURA

Instituto Galego de Formación en Acuicultura (IGAFa)- CRN de Acuicultura e Mergullo

Niño do Corvo, s/n 36626 Illa de Arousa (Pontevedra)

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdeseenvolvemento@xunta.gal

